

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 5 DE OUTUBRO DO 2020.**

Sesión 10/2020-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u> D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D^a María Soraya Salorio Poral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D^a Isabel Reimúndez Suárez D^a Laura Rodríguez Pena D^a María Nogareda Marzoa</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTEN</u> D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u> D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as 09.00 horas do día luns 5 de outubro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, tendo escusado previamente a súa inasistencia D^a María Pardo Fafián, D. Ramiro Blanco Montero e D. Breogán Blanco González, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria e urxente prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todas e a todos a este Pleno Extraordinario e Urxente do Concello de Sada, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Pola Presidencia dáse conta que a urxencia da sesión é debida á necesidade de presentar esta semana, por unha banda, solicitar a subvención á Deputación Provincial no programa PEL-REACTIVA, para axudas aos autónomos e autónomas de Sada, e por outra banda, a Xunta de Galicia deu ao Concello de Sada, o 25/09/2020, un prazo de dez días hábiles para xustificar a modificación da ordenanza.



A continuación procédese á votación da urxencia da sesión, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

En consecuencia, resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes a urxencia da sesión.

2º.- ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIA POLOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL FLORA RAMOS “FLORITA”.

Consta no expediente a Proposta da Alcaldía do 02/10/2020, que recolle:

<<Asunto: Ordenanza da Prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo servizo da escola infantil municipal Flora Ramos Florita

O Concello de Sada ven prestando o servizo de escola infantil no centro Flora Ramos. Este servizo xestionase de xeito indirecto a través de concesión, estando en tramitación na actualidade a nova licitación do mesmo. O servizo financíase parcialmente a través do copagamento dos usuarios en función da tarifa prevista na ordenanza fiscal nº31 reguladora da taxa pola prestación de servizos da escola infantil municipal Flora Ramos “Florita”.

A introdución da Disposición adicional novena na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula unha compensación por parte da Xunta de Galicia do importe da bonificación que, no seu caso, apliquen os concellos para a atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos o segundo fillo e sucesivos da unidade familiar. Sendo a intención do goberno municipal a implantación desta medida urxe a modificación das tarifas polo dito servizo de xeito que poida facerse efectiva.

Por outra banda a Disposición final duodécima da Lei 9/2017, do de contratos do sector público introduce na normativa reguladora das facendas locais o concepto de prestación patrimonial de carácter público non tributario para aquelas que se esixan coactivamente pola prestación dun servizo xestionado de xeito indirecto. Estas prestacións regularanse mediante ordenanza. Procede polo tanto a adaptación da regulación dos ingresos municipais previstos na ordenanza municipal nº 31 reguladora da taxa pola prestación de servizos da escola infantil municipal Flora Ramos “Florita”, de xeito que a súa natureza adáptese a normativa citada.

No relativo a tarifa sinalar que tanto a Disposición adicional novena na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, como o artigo 62.6 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, prevén que os copagos nos servizos de escolas infantís municipais non sexan inferiores aos establecidos pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica. Aplicándose na presente proposta a tarifa establecida pola administración autonómica para o curso 2020/21 sen recargo algún.

Finalmente haberá que ter en conta que no procedemento de contratación do servizo da escola infantil municipal en trámite están previstas como ingreso do concesionario as cuotas que aporten os usuarios segundo tarifa establecida no prego de cláusulas administrativas. A presente proposta altera a dita tarifa, polo que no respecto á execución do contrato haberá que estar ao previsto na cláusula 23 para o caso.

Vistos os informes de intervención e secretaría do 01.10.2020.

Esta alcaldía propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal número 31, reguladora da taxa por prestación de servizos da escola infantil municipal Flora Ramos Florita, publicada no BOP núm. 271 do 24.11.2004, que pasará a denominarse Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario a través de ordenanza polo servizo de escola infantil municipal no centro Flora Ramos “Florita” e cuxo contido queda redactado como segue:

Artigo primeiro: fundamento e obxecto

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de



abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sada establece una prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación polo servizo público de escola infantil municipal no centro Flora Ramos “Florita”, que se rexerá pola presente Ordenanza. Este servizo se presta de xeito indirecto a través de contrato de concesión. A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será esixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

As tarifas e demais dereitos económicos pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do TRLHL, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. É obxecto desta prestación patrimonial, os servizos público de escola infantil municipal no centro Flora Ramos “Florita”

Artigo segundo: obrigados/as ao pago

1. Son obrigados/as ao pago os suxeitos beneficiarios/as polo servizo público que constitue o obxecto desta prestación, entendéndose por tales os pais, nais, titores/as ou calquera representante legal que formalicen a matrícula do alumno/a na Escola infantil municipal

Artigo terceiro: Tarifa

1º. Matrícula: 71,00 euros/año

2º. Tarifa escolar:

Renda per cápita mensual da unidade familiar: cota mensual

Inferior ao 30% del IPREM): 0 €

Entre o 30% e inferior 50% do IPREM : 0€

Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM : 34,91 €

Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM : 69,81 €

Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM : 112,13 €

Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM : 133,29 €

Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM : 147,05 €

Máis do 200% do IPREM: 169,26 €

Prezo mensual de cada hora na que se incremente o horario normal: 21,16 €

Cando o/a usuario/a teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o importe da atención educativa reducirse nun 50 % sobre o que lle corresponda aboar de acordo coa IPREM aplicable.

3º. Tarifa por comedor escolar:

Inferior ao 30% do IPREM): 0 €

Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM : 17,45 €

Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM : 17,45 €

Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM : 26,45 €

Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM : 37,01 €

Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM :52,89 €

Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM : 63,50 €

Máis do 200% do IPREM : 74,05 €

Aqueles/as usuarios/as que solo utilicen servizo de almorzo e merenda pagarán unha cantidade única de 16,50 euros al mes.

Para os/as usuarios/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente, por motivos xustificadas, desexen utilizar o servizo algún día solto a tarifa será de 4 € por servizo.

4º. Os descontos a aplicar á tarifa serán:

1) Segundo as circunstancias da unidade familiar:

a) Usuarios/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 %.

b) Usuarios/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 %.



c) A partir da matriculación do segundo fillo ou filla da unidade familiar aplicarase para estes un desconto dun 100 % nos servizos da atención educativa.

2) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitud fora de prazo, traslado de residencia, etc), os/as usuarios/as ingresen no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto dun 50 %.

3) No suposto de usuarios/as da la Escola Infantil Municipal que no estean empadroados/as no termo municipal de Sada, estos/as aboarán a contía máxima da tarifa e non se lles aplicarán as reducións recollidas neste artigo

5º. Suspensións ao pago da tarifa:

1) Con carácter xeral, a non asistencia da persoa usuaria ao centro durante un período determinado non supón ningunha redución, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

2) Os/as obrigados/as non terán a obriga de abonar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) Ao mes de vacacións anual do/da usuario/a

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anual o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos casos a suspensión será de oficio

3) Os/as obrigados/as non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor nos seguintes casos:

a) Cando por causa debidamente xustificada o/a usuario/a deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar dende o primeiro día do mes natural seguinte á data da inasistencia ao centro e durará ata o primeiro día do mes natural seguinte ao que teña lugar a reincorporación do/da usuario/a ao centro. Non obstante se a incorporación prodúcese con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

b) Con carácter excepcional, poderá eximirse do pago do servizo de comedor, a aqueles/as usuarios/as que por motivos de saúde non podan asistir ao centro durante un período superior a 30 días consecutivos, previa solicitude por escrito ante a Dirección do centro xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva.

Artigo cuarto: Obriga de pagamento

A obriga de pagamento nace da presentación da solicitude do servizo

Artigo quinto: Normas de xestión

1. As solicitudes para acceder aos servizos que se prestan na Escola Infantil Municipal formalizaranse por escrito a través de instancias dirixidas á Alcaldía e haberá que achegar a documentación sinalada no Regulamento interno da escola infantil vixente.

3. A matrícula pagarase con anterioridade ao inicio do servizo

3. As mensualidade pagaranse por adiantado nos primeiros 10 días de cada mes, segundo a liquidación practicada, que incluírá, ademais do importe da mensualidade, o resto dos servizos que se lle presta ao alumnado

4. Nas cuestións no previstas na presente ordenanza aplicarase o Regulamento do servizo da escola infantil municipal e supletoriamente a efectos interpretativos a regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica

Segundo.-Someter ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produxeran>>>.

No debate, a sra. Reimúndez Suárez (BNG), Concelleira delegada da área de Benestar Social e Igualdade, comeza sinalando que a modificación ten por obxecto a gratuídade do segundo fillo, e que a semana pasada chegou un requirimento da Xunta de Galicia para que se procedese á modificación desa ordenanza.

O sr. Alcalde aproveita, na rolda de grupos municipais, para comentar que o PSOE escusou a súa falta de asistencia por motivos laborais e de prudencia sanitaria.



A sra. Salorio Porral (PP) sinala que o seu grupo votará a favor, pero que esta modificación chega tarde, dado que a Xunta de Galicia xa fixera esta modificación a finais de 2019 e entrou en vigor en abril de 2020, polo que non se entende que haxa tantos meses de demora. Agora o Alcalde fala dun comunicado do 25/09/2020, para implementar unha bonificación do 100%, no segundo fillo, asumida íntegramente pola Xunta de Galicia, e cuestiona que se aproveite para facer unha suba do 5,7% en case todos os epígrafes.

O sr. Interventor infórmalle que se trata de adaptar ao previsto na normativa prevista pola Xunta de Galicia, e que non se pode ter unhas tarifas inferiores ás que ten a Xunta de Galicia no caso de pagamento, tomando como base as que están publicadas para o curso 2020/21 na web da Xunta de Galicia.

A continuación procédese á votación da proposta de acordo da Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

En consecuencia, resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal número 31, reguladora da taxa por prestación de servizos da escola infantil municipal Flora Ramos Florita, publicada no BOP núm. 271 do 24.11.2004, que pasará a denominarse Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario a través de ordenanza polo servizo de escola infantil municipal no centro Flora Ramos “Florita” e cuxo contido queda redactado como segue:

Artigo primeiro: fundamento e obxecto

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sada establece una prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación polo servizo público de escola infantil municipal no centro Flora Ramos “Florita”, que se rexerá pola presente Ordenanza. Este servizo se presta de xeito indirecto a través de contrato de concesión

A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será esixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

As tarifas e demais dereitos económicos pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do TRLHL, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. É obxecto desta prestación patrimonial, os servizos público de escola infantil municipal no centro Flora Ramos “Florita”

Artigo segundo: obrigados/as ao pago

1. Son obrigados/as ao pago os suxeitos beneficiarios/as polo servizo público que constitue o obxecto desta prestación, entendéndose por tales os pais, nais, titores/as ou calquera representante legal que formalicen a matrícula do alumno/a na Escola infantil municipal

Artigo terceiro: Tarifa

1º. Matrícula: 71,00 euros/año

2º. Tarifa escolar:

Renda per cápita mensual da unidade familiar: cota mensual

Inferior ao 30% del IPREM): 0 €

Entre o 30% e inferior 50% do IPREM : 0€

Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM : 34,91 €

Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM : 69,81 €

Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM : 112,13 €



Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM : 133,29 €

Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM : 147,05 €

Máis do 200% do IPREM: 169,26 €

Prezo mensual de cada hora na que se incremente o horario normal: 21,16 €

Cando o/a usuario/a teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o importe da atención educativa reducirse nun 50 % sobre o que lle corresponda aboar de acordo coa IPREM aplicable.

3º. Tarifa por comedor escolar:

Inferior ao 30% do IPREM): 0 €

Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM : 17,45 €

Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM : 17,45 €

Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM : 26,45 €

Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM : 37,01 €

Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM :52,89 €

Entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM : 63,50 €

Máis do 200% do IPREM : 74,05 €

Aqueles/as usuarios/as que solo utilicen servizo de almorzo e merenda pagarán unha cantidade única de 16,50 euros al mes.

Para os/as usuarios/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente, por motivos xustificadas, desexen utilizar o servizo algún día solto a tarifa será de 4 € por servizo.

4º. Os descontos a aplicar á tarifa serán:

1) Segundo as circunstancias da unidade familiar:

a) Usuarios/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 %.

b) Usuarios/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 %.

c) A partir da matriculación do segundo fillo ou filla da unidade familiar aplicarase para estes un desconto dun 100 % nos servizos da atención educativa.

2) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitud fora de prazo, traslado de residencia, etc), os/as usuarios/as ingresen no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto dun 50 %.

3) No suposto de usuarios/as da la Escola Infantil Municipal que no estean empadroados/as no termo municipal de Sada, estos/as aboarán a contía máxima da tarifa e non se lles aplicarán as reducións recollidas neste artigo

5º. Suspensións ao pago da tarifa:

1) Con carácter xeral, a non asistencia da persoa usuaria ao centro durante un período determinado non supón ningunha redución, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa correspondente.

2) Os/as obrigados/as non terán a obriga de abonar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) Ao mes de vacacións anual do/da usuario/a

b) Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anual o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.

En ambos casos a suspensión será de oficio

3) Os/as obrigados/as non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor nos seguintes casos:

a) Cando por causa debidamente xustificada o/a usuario/a deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar dende o primeiro día do mes natural seguinte á data da inasistencia ao centro e durará ata o primeiro día do mes natural seguinte ao que teña lugar a reincorporación do/da usuario/a ao centro. Non obstante se a incorporación prodúcese con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento.

b) Con carácter excepcional, poderá eximirse do pago do servizo de comedor, a aqueles/as usuarios/as que por motivos de saúde non podan asistir ao centro durante un período superior a 30 días consecutivos, previa solicitude por escrito ante a Dirección do centro xunto coa acreditación documental da circunstancia que a



motiva.

Artigo cuarto: Obriga de pagamento

A obriga de pagamento nace da presentación da solicitude do servizo

Artigo quinto: Normas de xestión

1. As solicitudes para acceder aos servizos que se prestan na Escola Infantil Municipal formalizaranse por escrito a través de instancias dirixidas á Alcaldía e haberá que achegar a documentación sinalada no Regulamento interno da escola infantil vixente.

3. A matrícula pagarase con anterioridade ao inicio do servizo

3. As mensualidade pagaranse por adiantado nos primeiros 10 días de cada mes, segundo a liquidación practicada, que incluírá, ademais do importe da mensualidade, o resto dos servizos que se lle presta ao alumnado

4. Nas cuestións no previstas na presente ordenanza aplicarase o Regulamento do servizo da escola infantil municipal e supletoriamente a efectos interpretativos a regulación aplicable ao réxime de prezos nas escolas infantís dependentes da administración autonómica

Segundo.- Someter ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

3º.- PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Consta no expediente a Proposta da Alcaldía do 01/10/2020, que recolle:

<<Mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia de data 5/08/2020 a Excm. Deputación provincial publicou as normas reguladoras PEL-Reactiva: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes, modificadas e publicadas íntegramente no BOP de data 13/08/2020,

A través deste Fondo de financiamento dotarase de recursos aos Concellos para paliar os efectos negativos da COVID-19 no tecido empresarial local, autónomos e autónomas e microempresas, e impulsar a actividade económica e o emprego.

Correspondelle da distribución do fondo a este Concello por un importe total de 283.014,28 €: unha achega provincial por importe de 226.411,43 € e achega municipal de 56.602,86 €.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

A adhesión do Concello de Sada ao PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas>>.

No debate, a sra. Rodríguez Pena (BNG), Concelleira delegada dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Emprego, comeza sinalando que o Goberno sadense ten a intención de adherirse ao fondo de reactivación económica e social previsto para os concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes, sendo unha axuda para o tecido empresarial local, das microempresas, pemes, etc., para o impulso da actividade económica e o emprego, e a Deputación vén de eximir do trámite de autorización da Xunta de Galicia.

A sra. García Freire (PP) comeza indicando que logo de que o informe da Xunta de Galicia exima da efectiva achega municipal, a Deputación Provincial da Coruña concede 226.411,43.- euros e o Concello de Sada comprométese a unha achega de 56.600.- euros, que non os ten que poñer, porque xa os puxo no Sada Activa, e plantexa a dúbida de que nas bases da mesma se indica que se realizará o pagamento no prazo máximo de 90 días, e lembra que a Secretaria tivera informado que estas bases eran nulas de pleno dereito, polo que se pregunta se os autónomos sen os cartos da Deputación, polo que eles entenden que debería desligarse un plan do outro, pero anuncia que o seu grupo votará a favor.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000013

O sr. Alcalde respóstalle que o único que se vincula son as axudas municipais, 2/3 do Concello de Sada e 1/3 da Deputación, pero que o importe xa está retido e non é preciso levalo a Pleno. Engade que o informe de Intervención fala de estabilidade orzamentaria, pero se ben é verdade que no primeiro trimestre de 2020 houbo inestabilidade orzamentaria porque non se puideron facer os investimentos pola COVID-19, e salienta que é preciso facer unha avaliación total do informe de Intervención, non só unha lectura parcial. Di tamén que o Goberno do Estado entrou en razón e non vai incautar os remanentes de tesoureiría. Lembra que en maio ou xuño deste ano xa foi retido un remanente de 800.000 euros que será utilizado para a axuda da Deputación, que non se esgotará, polo que poderán sacar unha nova liña de axudas por riba dos 600.00 euros.

A sra. García Freire (PP) continúa que se o sr. Alcalde dille que os 56.600 é só o crédito retido, pero que non afecta, sendo a única dúbida que se lles subscitou, polo que vaia adiante.

A continuación procédese á votación da proposta de acordo da Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (6 SM, 5 PP, 2 BNG e 1 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

En consecuencia, resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte **ACORDO**:

Único.- A adhesión do Concello de Sada ao PEL- REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA, de acordo coas contías, obrigas e compromisos nel establecidas.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 9 horas e 10 minutos do día luns 5 de outubro do 2020, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.